

INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS DOS SERVIZOS MUNICIPAIS

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Vista a necesidade consistente na contratación do servizo de “redacción de proxecto de execución de rehabilitación da reitoral de Santa Comba de Bande”, no marco do convenio de colaboración asinado coa Axencia Turismo de Galicia, e vista a documentación técnica achegada, emito o seguinte

INFORME:

PRIMEIRO.- Insuficiencia de medios persoais:

O Concello de Bande non dispón de persoal especializado na redacción de proxectos técnicos de arquitectura, polo que é preciso que se realice por unha empresa ou profesional especializado que preste este tipo de servizos. O traballo a desenvolver é minucioso e moi especializado e conleva a dedicación exclusiva dun equipo de persoas que ademais conte con experiencia en arquitectura. O Concello de Bande non conta con dito persoal especializado.

É evidente que as funcións básicas e prioritarias son as de atención á demanda e xestión de expedientes ordinarios, polo que esa carga de traballo non posibilita destinar a persoal concreto a este cometido adicional, que ademais é puntual e dunha duración determinada.

Concello de Bande

En suma, resulta imposible que o concello asuma esas tarefas, sendo a opción máis satisfactoria a contratación externa de servizos para redactar o proxecto de execución de rehabilitación da reitoral de Santa Comba.

SEGUNDO.- Insuficiencia de medios materiais:

O Concello de Bande non dispón de ferramentas informáticas de traballo necesarias para a consecución da necesidade obxecto do contrato e tampouco se dispón do soporte técnico e tecnolóxico axeitado. Este traballo precisa de medios especializados cos que o Concello de Bande non conta.

TERCEIRO.- O beneficio de externalizar a prestación do servizo consiste en que non se vai incrementar o gasto en persoal, nin se vai investir en ferramentas informáticas que só se utilizarían exclusivamente para realizar ese traballo e logo poderían quedar en desuso, ademais de evitar investir en formación asociada para o seu manexo.

CUARTO.- Publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil do contratante de conformidade co establecido no artigo 63.3a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector publico.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

